



ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONSORCIOS

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Exposición pública conta xeral de 2014

EDICTO

Formada e elaborada a conta xeral do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente ao exercicio económico e contable de 2014, e unha vez informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o día 26 de maio de 2015, mediante o presente e conforme establecen, o art. 212 da Lei reguladora das facendas locais, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a regra 102 da Instrución de Contabilidade Modelo Sical-Normal aprobada por Orde EHA 4041/2004, do 23 de novembro, faise saber:

1. Que dita conta xeral queda exposta xunto co seu expediente para a acadar a aprobación, na Secretaría-Intervención do dito Consorcio, co fin de que durante o prazo de quince días hábiles (que comezarán a contar a partires do primeiro día, tamén hábil, seguinte ó da publicación deste anuncio) poida ser examinada e,

2. Durante o prazo do apartado anterior e oito días hábiles máis, poderán os interesados presentar reclamacións, reparos ou observacións, que de ser presentados, serán examinados pola indicada Comisión para, tras as comprobacións que estime oportunas, emitir novo informe e continuar coa tramitación para a correspondente aprobación.

Carballo, 27 de maio de 2015.

O presidente

Asdo.: Luis Menor Pérez

2015/6057